

Resolución do 9 de setembro de 2026 da Dirección de Departamento de Xestión das Persoas, pola que se nomea o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para a obtención de práctica profesional na categoría de Relacións Públicas, convocado o 18 de agosto de 2026

De conformidade co establecido na Base 5.1. da Convocatoria da proba para a ampliación de listaxes de contratación na categoría indicada, esta dirección

DISPÓN

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a obtención de práctica profesional da categoría de Relacións Públicas, convocado por resolución de data 18 de agosto de 2026, de acordo coa seguinte composición:

Presidencia: Xaime Arias Rodríguez, director do departamento de Proxección Social.

Vogal: María del Rosario Porto Fraga, Relacións públicas

Vogal: María del Mar de la Fuente Bralo, en calidade de lingüista.

Vogal: Marta Fernández Sánchez, xefa do servizo de Comunicación Corporativa e Alfabetización Dixital, responsable da proba de lingua inglesa.

Secretaría: Mercedes Blasco Zas, Xefa do Servizo de Formación e Selección.

Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2026



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Departamento de
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar
Director do Departamento de
Xestión das Persoas